



GRUPO MUNICIPAL

O Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta, para a súa discusión e aprobación, se procede, a MOCIÓN relativa ás mobilizacións do sector leiteiro galego, de acordo á fundamentación seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector primario de produción de leite é un dos máis importantes sustentos do rural galego. As case 10.000 explotacións existentes hoxe en día no noso país crean emprego e actividade económica arredor da súa actividade.

Empresas fornecedoras de pensos, servizos veterinarios, fitosanitarios e o comercio das vilas do noso país dependen en grande medida da vitalidade deste sector.

Durante os últimos 30 anos produciuse un enorme cambio no modelo que levou consigo o peche de miles de explotacións e a concentración da produción nun número menor delas, explotacións que fixeron un esforzo moi grande de investimento en tecnoloxía e en dimensionar a cota, esforzo que tamén se pode traducir en inversión pública para tales fins.

Porén, os gobernos, nun país gobernado polo PP durante 29 dos 36 anos de democracia, non foron quen de resolver problemas estruturais que hoxe lastran o sector.

1) Carencia de ordenación do territorio e de políticas efectivas de mobilidade da terra, fracaso que significa o continuo abandono de terras potencialmente produtivas e un maior custe de produción das nosas explotacións, que por non ter base territorial suficiente dependen en exceso da compra de pensos, o que as fai competir en inferioridade de condicións cos produtores doutros países onde os gobernos si fixeron os deberes neste aspecto.

2) Ausencia dunha política industrial que dotase a Galiza dun complexo industrial de transformación en produtos lácteos con maior valor engadido.

3) Non existencia dun marco normativo efectivo que garanta o equilibrio na cadea comercial e que impida o abuso de posición de dominio da industria e a distribución sobre os gandeiros. Hoxe en día sonlle impostas aos nosos produtores prezos e condicións baixo ameazas de non recollida e segue a utilizarse impunemente o leite como produto reclamo, así como a venda a perdas.

Por outra banda, e coñecendo que o 1 de abril de 2015 remataba o sistema de cotas en Galiza, carecemos dun plan estratéxico, que debeu terse feito no seu momento, para prever posibles escenarios coma o que agora vivimos, cuestión dunha gravidade enorme, que pode supoñer a quebra de centos de explotacións.

As solucións aos problemas estruturais chegarán a través de medidas a medio e longo prazo e para chegar alá hai que sobrevivir á actual situación de emerxencia.

O prezo medio do leite en Galiza non chega aos 28 céntimos o litro, cantidade que está por debaixo dos custes de produción, estimados nuns 30 céntimos litro. A isto, hai que engadir o drama que vive o 15% aproximadamente das explotacións que teñen que vender o seu leite a prezos ruinosos que oscilan entre os 17-18 céntimos e os 21-22 céntimos. Pero sendo isto grave, aínda o é máis a incerteza de moitos gandeiros e gandeiras que non saben si nun futuro inmediato terán quen lles recolla o leite.

Ante esta situación de emerxencia, estamos convencidos de que esta loita non atinxe só ao sector , senón que é unha cuestión de país que nos incumbe a todos os galegos e as galegas.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra propón a seguinte

MOCIÓN:

1) O Concello de Pontevedra fai un chamamento aos veciños e veciñas a participar e apoiar as mobilizacións convocadas en apoio dos gandeiros e gandeiras galegas ante unha situación de emerxencia no sector e esixe aos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado que, mediante o diálogo cos diferentes actores do sector lácteo, adopten as medidas de urxencia necesarias para evitar o peche de máis explotacións no noso país.

Pontevedra, 14 de xullo de 2015

O Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez